Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/12/2025 10:33:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 10:34:55
Nº Rexistro: 42698
Data envío: 23/12/2025 10:34:55.626

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 10:34:55
Nº Rexistro: 42698
Data envío: 23/12/2025 10:34:55.626

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/12/2025 10:34:56

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:26:24
Nº Rexistro: 42701
Data envío: 23/12/2025 11:26:24.686

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Como coñecemos a diabetes tipo 1 ocorre cando o corpo non pode producir suficiente cantidade da hormona insulina. E necesítase insulina para sobrevivir polo que a súa falta debe substituírse con inxeccións ou cunha bomba de insulina.

Nos nenos a diabetes tipo 1, adoitaba chamarse “diabetes xuvenil” ou “diabetes insulín dependiente” e hoxe a diabetes tipo 1 está considerada como unha das enfermidades crónicas máis comúns que afectan a nenos e adolescentes. Non é intención entrar nos síntomas, as causas, factores de risco, complicacións, a prevención etc. porque non queremos abordar esta iniciativa desde o ámbito médico da enfermidade, aínda que loxicamente non se pode obviar.

A diabetes é unha enfermidade que acompaña a quen a padece toda a vida e implica un tratamento esixente e intenso. Esta circunstancia, unida a outras, fai que, pola súa influencia na vida social e familiar, sexa considerada como exemplo de enfermidade socio-sanitaria.

Por este motivo as prestacións sociais e sanitarias para o coidado de fillo ou filla con diabetes, está regulado, pero con todo atopámonos con grandes trabas para a súa aplicación e mesmo incumprimentos no caso de persoal público.

Ademais, as reducións de xornadas, recollidas na lexislación vixente, sofren demoras, trabas burocráticas e, nalgúns casos, un claro incumprimento, o que deixa ás familias sen o apoio ao que legalmente teñen dereito, no caso dos

Asinado o día 23/12/2025 ás
11:25
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 23/12/2025 ás
11:25
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

156330

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:26:24
Nº Rexistro: 42701
Data envío: 23/12/2025 11:26:24.686

traballadores por conta allea pero isto tamén ocorre no caso de persoal público dependente da administración autonómica.

Todo isto complícase pola persistente desinformación social: estereotipos, erros e visións simplistas que dificultan a integración e xeran estigma e discriminación.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Está disposta a Xunta de Galicia a emitir e axilizar os informes médicos, necesarios para a tramitación da redución de xornada laboral o que teñen dereito os país ou nais, cando se trate de menores con diabetes tipo 1 ou calquera outro tipo de enfermidade grave recollida no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo?

Santiago de Compostela. 23 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

156331

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/12/2025 11:25:38

Silvia Longueira Castro na data 23/12/2025 11:25:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:26:24
Nº Rexistro: 42701
Data envío: 23/12/2025 11:26:24.686

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:26:24
Nº Rexistro: 42701
Data envío: 23/12/2025 11:26:24.686

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/12/2025 11:26:25

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:45:32
Nº Rexistro: 42705
Data envío: 23/12/2025 11:45:32.433

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Como coñecemos a diabetes tipo 1 ocorre cando o corpo non pode producir suficiente cantidade da hormona insulina. E necesítase insulina para sobrevivir polo que a súa falta debe substituírse con inxeccións ou cunha bomba de insulina.

Nos nenos a diabetes tipo 1, adoitaba chamarse “diabetes xuvenil” ou “diabetes insulín dependente” e hoxe a diabetes tipo 1 está considerada como unha das enfermidades crónicas máis comúns que afectan a nenos e adolescentes. Non é intención entrar nos síntomas, as causas, factores de risco, complicacións, a prevención etc. porque non queremos abordar esta iniciativa desde o ámbito médico da enfermidade, aínda que loxicamente non pode obviarse.

A diabetes é unha enfermidade que acompaña a quen a padece toda a vida e implica un tratamento esixente e intenso. Esta circunstancia, unida a outras, fai que, pola súa influencia na vida social e familiar, sexa considerada como exemplo de enfermidade socio-sanitaria.

Por este motivo as prestacións sociais e sanitarias para o coidado de fillo ou filla con diabetes, está regulado, pero con todo atopámonos con grandes trabas para a súa aplicación e mesmo incumprimentos no caso de persoal público.

Ademais, as reducións de xornadas, recollidas na lexislación vixente, sofren demoras, trabas burocráticas e, nalgúns casos, un claro incumprimento, o que deixa ás familias sen o apoio ao que legalmente teñen dereito, no caso dos

Asinado o día 23/12/2025 ás
11:44
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 23/12/2025 ás
11:44
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

156334

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:45:32
Nº Rexistro: 42705
Data envío: 23/12/2025 11:45:32.433

traballadores por conta allea pero isto tamén ocorre no caso de persoal público dependente da Administración autonómica.

Todo isto complícase pola persistente desinformación social: estereotipos, erros e visións simplistas que dificultan a integración e xeran estigma e discriminación.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Está disposta a Xunta de Galicia ao cumprimento do lexislación vixente, no que afecta o coidado de fillos e fillas con diabetes en concreto á redución da xornada laboral, por coidado de fillo ou filla con enfermidade grave?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

156335

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/12/2025 11:44:07

Silvia Longueira Castro na data 23/12/2025 11:44:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:45:32
Nº Rexistro: 42705
Data envío: 23/12/2025 11:45:32.433

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:45:32
Nº Rexistro: 42705
Data envío: 23/12/2025 11:45:32.433

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/12/2025 11:45:33

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 18671**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"a reclamación ao Goberno central do mantemento dos seus servizos actuais de transporte público por estrada en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego seguirá pedindo ao Goberno central que retire o mapa concesional de transporte por estrada estatal e que o reformule atendendo ás necesidades das distintas comunidades autónomas. É imprescindible ademais que este asunto se aborde no marco da Conferencia Sectorial de Transportes.

O novo mapa concesional que defende o Goberno central é lesivo para os intereses de Galicia, xa que deixa illados máis dunha vintena concellos, que suman 130.000 habitantes, coa eliminación de case un cento de servizos, así como varias localidades sen parada e obrigando a facer transbordos.

O Goberno galego seguirá apostando por ofrecer un bo servizo no transporte público interurbano da súa competencia. Para conseguilo, manterá o esforzo económico e técnico dos últimos anos e un seguimento estreito do seu funcionamento, que permita corrixir as deficiencias que se detecten e introducir as melloras que resulten pertinentes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:23:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:23:42
Nº Rexistro: 30999
Data envío: 13/08/2025 13:23:42.210

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 18939**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de darlles carácter preferente aos montes protectores nos futuros contratos de xestión pública"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 18936 e debatida na Comisión do 19 de febreiro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzE0YmNiYTktMmExZi00ZGQ2LWlwNmQtZjZkZmM2YmU3ZDJh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:23:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:23:29
Nº Rexistro: 30997
Data envío: 13/08/2025 13:23:29.973

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 19025**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros deputados e deputadas, sobre **"as mobilizacións de recursos realizadas durante o ano 2024 pola Xunta de Galicia no ámbito do apoio psicolóxico en situacións de emerxencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director de Emerxencias e Interior en resposta á pregunta oral en Comisión número 19024, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 4 de xuño de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do director de Emerxencias e Interior pode verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=N2Y5OTljZDAtMGNiOS00MzA1LTlhN2UtN2I5NjlkZGUzMDkw&start=5824](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2Y5OTljZDAtMGNiOS00MzA1LTlhN2UtN2I5NjlkZGUzMDkw&start=5824)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=N2Y5OTljZDAtMGNiOS00MzA1LTlhN2UtN2I5NjlkZGUzMDkw&start=6495"](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2Y5OTljZDAtMGNiOS00MzA1LTlhN2UtN2I5NjlkZGUzMDkw&start=6495)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:23:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:23:23
Nº Rexistro: 30996
Data envío: 13/08/2025 13:23:23.860

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19244** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Silvia Longueira Castro e don Julio Abalde Alonso, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no que concirne ao desenvolvemento de plans de recuperación e conservación das pallozas de Piornedo."**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 20 as previsións da Xunta de Galicia, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

" Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na sesión plenaria celebrada o 12 de febreiro de 2025, na pregunta para resposta oral número 19218.

O vídeo da sesión pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/huojKJV5MKOVKL4DbOjMr4GrKZO SLYWgs1u5y3CDTmP4XHyN> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 9:52:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2025 09:52:23
Nº Rexistro: 32355
Data envío: 26/08/2025 09:52:23.370

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18670**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"as medidas que prevé adoptar o Goberno galego co obxecto de garantir un bo servizo de transporte público autonómico e de reclamar o mantemento e mellora do que está baixo competencia estatal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego seguirá pedindo ao Goberno central que retire o mapa concesional de transporte por estrada estatal e que o reformule atendendo ás necesidades das distintas comunidades autónomas. É imprescindible ademais que este asunto se aborde no marco da Conferencia Sectorial de Transportes.

O novo mapa concesional que defende o Goberno central é lesivo para os intereses de Galicia, xa que deixa illados máis dunha vintena concellos, que suman 130.000 habitantes, coa eliminación de case un cento de servizos, así como varias localidades sen parada e obrigando a facer transbordos.

O Goberno galego seguirá apostando por ofrecer un bo servizo no transporte público interurbano da súa competencia. Para conseguilo, manterá o esforzo económico e técnico dos últimos anos e un seguimento estreito do seu funcionamento, que permita corrixir as deficiencias que se detecten e introducir as melloras que resulten pertinentes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
13/08/2025 13:23:45

156346



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:23:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:23:48
Nº Rexistro: 31000
Data envío: 13/08/2025 13:23:48,885

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 18938**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a xestión que leva a cabo a Xunta de Galicia en relación cos espazos forestais declarados como montes protectores e os datos estatísticos a eles referidos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 18936 e debatida na Comisión do 19 de febreiro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzEOYmNiYTktMmExZi00ZGQ2LWlwNmQtZjZkZmM2YmU3ZDJh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:23:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:23:36
Nº Rexistro: 30998
Data envío: 13/08/2025 13:23:36,260

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 19097**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Deza Martínez e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da promoción de vivenda pública na cidade de Lugo e outras medidas para a rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia demostra o seu compromiso cada día por ofrecer vivenda pública de calidade aos colectivos máis vulnerables.

O IGVS é propietario de 460 vivendas na Avenida Garabolos, distribuídas en 4 parcelas da seguinte forma:

146 VPP xa teñen a obra adxudicada, e de feito neste mes de xullo comezamos a súa execución, cun orzamento total de 28,19 M€.

Outras 314 VPP de Vipugal teñen xa proxecto de obra licitado e a piques de adxudicar, por valor de máis de 2,25 M€.

Noutro orde de cousas, este 28 de maio levamos a cabo a sinatura do convenio de permuta de parcelas co Concello de Lugo para a construción de 137 vivendas:

- 63 VPP na rúa Paradaí de Arriba, onde o 20/06/25 licitamos o proxecto e dirección de obra por 0,4 M€, ademais de que xa recibimos 3 ofertas.

- 50 aloxamentos compartidos na Illa Coelleira: o mesmo día da permuta, o 28/05 anunciouse a licitación do proxecto e dirección de obra por 0,3 M€. O remate de presentación de ofertas foi 02/07/2025, e presentáronse 9 ofertas. Ata de agora levamos aberto o sobre B.

- 24 VPP en Ángelo Colocci: a toma de razón da licitación foi para Consello da Xunta do 07/07, licitándose o día 11/07/25. O remate da presentación de ofertas é o 14/08/2025.

Por outra banda a Xunta tamén fixo unha importante aposta non só polas vivendas de nova construción, senón tamén pola rehabilitación do conxunto histórico da cidade.

Desde o ano 2001, o goberno galego leva investido máis de 26M€ na recuperación do Barrio da Tinería:

Xa están recuperados 40 edificios nos que se obtiveron preto de 100 vivendas rehabilitadas, 23 locais comerciais e 2 edificios de oficinas postos a disposición de novos emprendedores.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Outro bon exemplo do compromiso da Xunta para a recuperación dos espazos máis antigos é o Programa Rexurbe. En Lugo, recentemente licitamos o 02/07 (tras autorizarse no Consello da Xunta) por un prazo de execución de 15 meses a contratación das obras de rehabilitación nestes inmobles para 2 VPP en Catedral 18 e 22, co 12/08/25 como data de final de presentación de ofertas. O orzamento base de licitación foi de 438.732 euros.

Tamén temos en marcha o concurso de ideas de Dona Urraca, que consiste en urbanizar a UI-8, construír novas VPP en parte da mesma. O concurso de ideas tamén inclúe a rehabilitación de catro inmobles: Miño 19 e 21 e dous na rúa Falcón, un deles propiedade do IGVS e o outro terá que mercalo o Concello.

Finalmente o 16/06 constituíuse o xurado do concurso de proxectos para a ordenación, desenvolvemento e urbanización do ámbito da UI-8 do Barrio da Tinería en Lugo, para a rehabilitación do Pazo de Dona Urraca e edificios contiguos e para a construción das novas edificacións neste ámbito.

O obxectivo é avaliar as 17 propostas presentadas e seleccionar os tres galardoados, que recibirán premios por importe de 12.000, 10.000 e 8.000 euros respectivamente.

Á persoa galardoada co primeiro premio seranlle adxudicados os contratos de redacción do plan especial de ordenación e urbanización do ámbito da UI-8 e do proxecto de rehabilitación do Pazo de Dona Urraca e das edificacións da rúa Miño 19 e 21 e da rúa Falcón 16 e 18.

O importe total destes contratos, incluído o importe do primeiro premio, será de 489.144,02 euros, IVE incluído”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:23:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:23:17
Nº Rexistro: 30995
Data envío: 13/08/2025 13:23:17,289

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 22672**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as medidas que o Goberno galego prevé engadir en caso de poñer en marcha o II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 constituíu unha iniciativa pioneira a nivel autonómico, deseñada para articular diferentes políticas públicas que permiten dar unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa prevención e erradicación.

A súa implementación contribuíu de maneira significativa á mellora da calidade de vida das vítimas e superviventes, maioritariamente mulleres e nenas, mediante a ampliación e mellora dos servizos e recursos dispoñibles. En liñas xerais, o plan permitiu habilitar espazos seguros para a protección, recuperación e reintegración social, ao tempo que se reforzaron os procesos de detección, identificación e protección das vítimas, consolidando os recursos de atención integral dirixidos ás mulleres, nenas e nenos afectados por esta forma de violencia.

Ao longo dos tres anos de vixencia do plan (2022-2024), executáronse 44 das 59 medidas previstas, o que supón un grao de cumprimento do 74,58 %. Así mesmo, cumpre mencionar que entre os logros máis salientables destacan:

Prevención e sensibilización social: Desenvolvéronse múltiples campañas de comunicación e xornadas divulgativas para aumentar a visibilidade e concienciación sobre a trata e a explotación sexual, especialmente entre a poboación máis nova.

Fortalecemento dos servizos de apoio integral: Melloráronse os recursos psicolóxicos, médicos, xurídicos e habitacionais, favorecendo unha atención máis ampla e eficaz ás vítimas e a súa reintegración na sociedade.

Reforzo dos mecanismos de detección, identificación e protección: A través da formación específica de profesionais dos ámbitos sanitario, xudicial e das forzas de seguridade, así como do desenvolvemento de ferramentas de intervención, avanzouse na mellora dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas de trata.

Coordinación interinstitucional: Impulsouse a colaboración entre administracións públicas, forzas de seguridade e entidades especializadas como a Rede Galega contra a Trata, configurando un modelo de prevención e intervención conxunta.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Esta coordinación supuxo un reto importante pola necesidade de aliñar múltiples actores e esforzos nunha estratexia común.

Impulso á investigación e sensibilización no ámbito universitario: Promovéronse estudos e accións de concienciación nas universidades galegas, fomentando a xeración de coñecemento e a reflexión crítica sobre a trata e a violencia sexual entre a comunidade universitaria.

Aínda que a avaliación global do plan é positiva e os avances acadados son notables, cómpre sinalar que determinadas medidas requiren de máis tempo para a súa completa execución.

Tendo en conta as medidas implementadas e os resultados acadados ao abeiro do I Plan, actualmente estase avanzando na elaboración dun II Plan.

A elaboración do II Plan desenvolverase a través dunha metodoloxía participativa, dando un papel central ás organizacións especializadas na atención a vítimas de trata con fins de explotación sexual e a outros abusos no contexto da prostitución. Destaca o papel da Rede Galega contra a Trata Sexual, composta por entidades con ampla experiencia e contacto directo e diario coa realidade das vítimas, o que as sitúa como axentes clave para detectar necesidades, debilidades e propostas de mellora no deseño das políticas públicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/08/2025 11:51:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2025 11:51:12
Nº Rexistro: 32178
Data envío: 25/08/2025 11:51:12.175

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26433**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a equiparación dos coeficientes redutores das frotas palangreira e arrastreira que traballan en augas internacionais cos dos buques conxeladores e as accións que desenvolveu ou prevé desenvolver o Goberno galego ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Galicia rexeita os criterios de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.

Así llo trasladou a Consellería do Mar, á secretaria xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nunha carta remitida o 20 de maio a propósito da Circular 4/2023, do 15 de decembro de 2023, e que foi obxecto de debate na última Comisión Sectorial de Política Social e Seguridade da Frota do Consello Galego de Pesca, celebrado o pasado 14 de maio en Santiago.

A comunicación estatal establece que os barcos que se atopen rexistrados como palangreiros-conxeladores ou arrastreiros-conxeladores non teñen a consideración de buques conxeladores aos efectos da aplicación dos coeficientes redutores establecidos, polo que esta cuestión supón claramente unha discriminación respecto desta frota que faena en augas internacionais, que é maioritariamente galega, especialmente a de palangre de superficie.

Por este motivo, Galicia declina aceptar estes criterios que, por outra banda, tampouco son ningunha novidade. A misiva do Executivo central é completamente idéntica neste punto á publicada en xullo de 2017, e xa daquela suscitara a mesma controversia.

Ao abeiro dos feitos, a Consellería do Mar, en aras dunha defensa clara dos intereses do sector, dá cumprimento ao acordo da citada Comisión e pide na carta enviada á responsable da Secretaría Xeral de Pesca que coordine unha reunión coa presenza dos organismos competentes nesta materia, é dicir, o propio departamento gubernamental, a Dirección Xeral da Mariña Mercante, o Instituto Social da Mariña e a Consellería do Mar, para estudar conxuntamente a modificación destes criterios fixados na Circular 4/2023".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 13:34:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 13:34:42
Nº Rexistro: 32847
Data envío: 29/08/2025 13:34:42.829

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 32590**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as actuacións realizadas e previstas polo Goberno galego para coñecer, controlar e avaliar o estado dos residuos radioactivos fronte ás costas galegas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O tratamento e xestión de residuos nucleares ao non ser unha competencia autonómica, na comisión mixta de seguimento co Consello de Seguridade Nuclear (CSN) de xullo, pedimos que o Estado nos informara da situación actual dos bidóns nucleares depositados na foxa Atlántica e as xestións feitas ao respecto.

A información recibida do CSN tan só aclarou que non hai niveis significativos de radioactividade nas augas costeira, sen achegar datos concretos. Unha resposta insuficiente e na que argumenta que os bidóns están en augas internacionais.

Instamos entón ao Goberno central a que sexa máis transparente neste asunto e informe das xestións que realice ante o organismo competente da xestión de residuos en augas internacionais.

Dada a importancia do asunto e ante a inquedanza social xerada, a Xunta, ademais, trasladou ás autoridades estatais (CSN e Miteco) unha petición cidadá asinada por 30.000 persoas que exige a investigación, vixilancia e limpeza dos residuos radioactivos da foxa Atlántica.

Esta cuestión foi contestada pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, no Pleno celebrado o pasado 8 e 9 de xullo de 2025, en resposta á PUP 28042.

Enlace ao vídeo do Pleno:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZGZhN2NjNzctMTBmMi00YWVhLWFLMGQtYzYwMjVmNmI3N2Vj&start=1717>".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42668
Data envío: 19/12/2025 15:22:44.991

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:22:44

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37238**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"o asfaltado na AG-53 entre os quilómetros 79 e 87, no referido ás datas de execución, previsións técnicas, información á cidadanía, coordinación cos concellos afectados e minimización dos efectos do corte de circulación"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Durante o outono de 2024 as obras consistiron na realización de numerosas reparacións de defectos puntuais do firme existente, quedando pendente o estendido da nova capa de rodadura.

Este estendido comezou no mes de xuño e a principios de xullo paralizáronse os traballos para evitar as afeccións sobre o tráfico nos meses de maior intensidade deste. Neste período realizouse o estendido do novo firme na calzada dereita da AG-53 entre o pq 74,2 (inicio do tramo) e o pq 84,5, aproximadamente, quedando pendentes aproximadamente 2 quilómetros da calzada dereita (sentido Ourense) e toda a calzada esquerda (sentido Santiago).

A mediados do mes de setembro retomáronse os traballos. Nas primeiras semanas realizáronse os traballos de reparacións e estendido da nova capa de rodadura do firme nos enlaces da AG-53 coa N-525 en Piñor, coa AG-54 e coa A-52 e OU-402.

O normal desenrolo das obras levou a que na semana do 13 ao 17 de outubro os traballos se desenrolasen no tramo final da AG-53, entre o pq 86,5 (enlace con A-52 e OU-402) e o pq 79 (enlace entre a AG-53 e a AG-54, sentido a O Carballiño).

O estendido dunha nova capa de rodadura en vías de calzadas separadas realízase "a calzada única", é dicir, simultaneamente en tódolos carrís e beiravías, para evitar os problemas que xeraría una xunta lonxitudinal entre os dous carrís, tanto para a comodidade e seguridade da circulación como para a durabilidade do firme.

Xeralmente, o tráfico afectado por estes traballos desvíase pola calzada contraria, compartindo os dous carrís desta, un para cada sentido de circulación, para o cal móntanse uns "transfer" a través dos pasos de mediana existentes. Sen embargo, no tramo final da AG-53 isto non é posible, xa que o viaduto da AG-53 sobre o río Miño remata moi preto do enlace coa A-52, de xeito que non existe o espazo necesario para realizar esta manobra. Por tanto, a execución dos traballos neste viaduto, tanto na calzada dereita como na calzada esquerda, impiden o paso do tráfico no sentido afectado polos traballos obrigando a desviar este tráfico por outras vías.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, no caso dos viadutos non é posible estender unha nova capa de firme sobre o existente, xa que iso produciría unha sobrecarga sobre a estrutura que comprometería a súa estabilidade. Por tanto, antes de estender a nova capa de firme é necesario retirar a existente. Este traballo previo precisa de varias xornadas de traballo para a súa execución, mentres que o estendido do novo firme precisa de outra xornada. Por todo elo, o inevitable corte e desvío do tráfico pola estrada nacional N-541 tívose que prolongar dende primeira hora do luns 13 ata a tarde do venres 17 no calzada esquerda da AG-53.

En canto á calzada dereita, o martes 14 adoptouse a decisión de adiantar os traballos de estendido da nova capa de rodadura pendentes (pq 84,5 a 86,5), que inicialmente estaban previstos para a semana seguinte. O motivo deste adianto foi que as previsións meteorolóxicas para a seguinte semana eran moi adversas e impedirían a realización deses traballos, por canto o estendido dunha capa de firme das características de empregada para a rodadura da AG-53, igual á empregada habitualmente nas vías de alta capacidade, non permite o seu estendido con chuva.

Ademais, o bo avance das obras dende finais de semana anterior permitiría este adianto.

Entre a mañá do mércores 15 e a tarde do venres 17 realizáronse os traballos de estendido da capa de rodadura pendentes na calzada dereita (pq 84,5 a pq 86,5), incluída a retirada do firme existente no viaduto sobre o río Miño. Estes traballos, de igual maneira que os realizados na calzada esquerda, obrigaron ao desvío do tráfico entre os quilómetros 79 e 87 da AG-53 a través da N-541.

Con este adianto dos traballos evitouse, non só que o mesmo desvío de tráfico se producise en semanas posteriores, se non que, ademais, conseguíuse acabar o estendido da nova capa de rodadura na AG-53, o que a día de hoxe non podería terse feito tendo en conta que dende aquela semana non houbo outra na que se desen as condicións meteorolóxicas que estes traballos requiren.

Finalmente, a calzada esquerda da AG-53 entre os quilómetros 79 e 87 estivo cortada entre primeira hora da mañá do luns 13 e mediodía do venres 17, mentres que a calzada dereita, no mesmo tramo, estivo cortada entre primeira hora da mañá do mércores 15 e as 18 h. do venres 17.

En ambos sentidos o tráfico desviouse a través da estrada nacional N-541.

Os cortes e desvíos foron debidamente sinalizados, segundo a normativa técnica vixente, tanto nos paneis de sinalización variable existentes na AG-53 a na A-52 como mediante sinais de obra (con fondo amarelo) nos cruces existentes entre os inicios e os finais dos desvíos.

En canto á previsión novos desvíos do tráfico, os traballos finais desta obra só precisan de cortes de carrís para diversas actuacións na mediana da AG-53, repintado de marcas viarias e reposición do balizamento.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Existe outra actuación prevista durante o mes de decembro, a realizar sobre o viaduto da AG-53 sobre a A-52, sentido Ourense, situado no enlace entre estas vías, que obrigará a cortar o paso do tráfico sobre esta estrutura e, non existindo outra alternativa, o tráfico deberá desviarse dende Maside a través da estrada nacional N-541, do mesmo xeito que sucedeu entre o mércores 15 e o venres 17 de outubro debido ás obra de estendido da nova capa de rodadura.

Estes traballos aínda están planificándose se ben estímase que estes desvíos do tráfico se producirán no mes de xaneiro de 2026, evitándose que os mesmos se realicen nas semanas das festas do Nadal.

Os cortes de tráfico xeran incomodidades aos condutores e usuarios do transporte público pero son necesarios para manter as vías nas axeitadas condición de seguridade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42667
Data envío: 19/12/2025 15:22:39.131

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:22:38

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37449**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, sobre **"á redución de frecuencias e a desaparición de liñas de transporte público en Ribeira e Dodro, así como as valoracións e explicacións das medidas previstas para garantir un transporte público accesible, eficiente e sustentable"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Co novo proxecto da concesión de transporte público por estrada da comarca do Barbanza, o Goberno galego redeseña os servizos para atender as necesidades de mobilidade da área, coa mellora das conexións na bisbarra e con Santiago de Compostela.

O proxecto de explotación, que se someteu a información pública ata o 15 de outubro, incrementa os recursos dispoñibles para adecuar a capacidade do servizo á demanda existente, con cinco vehículos máis. Ademais, a maioría dos autobuses terán máis de 55 prazas.

Para o establecemento dos servizos da concesión, mantivéronse varias xuntanzas de traballo cos concellos afectados para que trasladaran as súas demandas. Con todo, a configuración dos servizos que recolle o proxecto de explotación non é definitiva, pois a Xunta avanza na análise técnica das alegacións presentadas durante o período de información pública e na avaliación das posibilidades de mellora no seu conxunto.

No referente aos servizos entre Dodro e Santiago, o proxecto incorpora melloras como, por exemplo, a conexión directa cos hospitais, con horarios acordes ás quendas de traballo do persoal sanitario, ou o establecemento dunha liña específica para garantir o transporte do alumnado de Dodro que estuda nos institutos de Padrón".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:22:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42666
Data envío: 19/12/2025 15:22:33,481

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37824**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta para mellorar a seguridade viaria na Avenida Salvador Allende da parroquia de Nós, Oleiros, e a creación de pasos de peóns que favorezan o tránsito e o transporte público"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"En relación á pregunta formulada pola deputada Iria Taibo Corsanego, pertencente ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, con número de rexistro 37824, referente á seguridade viaria na Avenida Salvador Allende, na parroquia de Nós (Oleiros) informáselle o seguinte:

En concreto pregúntase se a Xunta de Galiza ten previsto pintar os pasos de peóns na Avenida Salvador Allende en Nós, Oleiros, para facilitar a circulación a pé e o uso do transporte público na citada avenida?

Seguindo criterios técnicos procedeuse a limitar a velocidade a 50 km/h no treito comprendido entre os pq 0+370 e 1+830 da estrada AC-221.

De conformidade coa Instrución 1/2024 pola que se establecen recomendacións para a implantación de novos pasos de peóns na rede autonómica de estradas de Galicia a Avenida Salvador Allende non se adapta ás mesmas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42665
Data envío: 19/12/2025 15:22:23.386

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:22:23

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37876**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"as frecuencias e prazas dispoñibles da liña de autobús entre Carballo e A Coruña, o control das prácticas de embarque da concesionaria Arriva SL, os tempos de viaxe e as medidas para mellorar a coordinación e regular os horarios"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte público de titularidade da Xunta de Galicia ofrece unha alternativa de mobilidade adecuada ás necesidades da cidadanía entre Carballo e A Coruña, por frecuencias e capacidade do servizo.

De luns a venres laborables funcionan 58 servizos ao día, 29 en cada sentido, dos cales 18 son directos, 11 de Carballo á Coruña e 7 da cidade cara a Carballo.

Trátase dunha conexión interurbana cun equilibrio entre frecuencias directas que facilitan desprazamentos rápidos e cómodos (cunha duración prevista de entre 35 e 45 minutos), e servizos con paradas intermedias que permiten atender a mobilidade tamén dos concellos intermedios (cun tempo de viaxe estimado dunha hora ata a estación de autobuses da Coruña).

Na franxa de maior demanda, á primeira hora da mañá, hai 7 servizos que teñen chegada prevista á Coruña entre as 07:30 e as 09:10 horas, cada 15 ou 20 minutos, polo que facilitan os desprazamentos en horarios que se poden adecuar ás necesidades laborais ou educativas da cidadanía. Deses servizos, 4 realizan o traxecto directo ata a Coruña e teñen orixe en Buño, Muxía, Muros e Fisterra. En conxunto, os 4 servizos directos ofrecen máis de 220 prazas nun día laborable medio e, a maiores, o operador vén reforzando regularmente de luns a venres desde Carballo o servizo procedente de Muxía, que pasa sobre as 07:25 horas.

Os servizos con orixe en Muxía e Fisterra chegan a Carballo cunha ocupación media de 18 e 14 prazas respectivamente. O servizo de Muxía refórzase para atender toda a demanda e o de Fisterra sae cara á Coruña cunha media de 5 prazas dispoñibles.

O servizo conta, con carácter xeral, con capacidade para atender a todas as persoas usuarias. A Xunta leva a cabo un seguimento continuo sobre o funcionamento do servizo e as necesidades que poidan xurdir, para avaliar as solucións que correspondan en caso de que o aumento da demanda de transporte público nesta área poida tensionar a dispoñibilidade de prazas nalgún servizo en momentos de maior ocupación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En canto ao embarque na estación da Coruña, non está permitido establecer prioridades segundo o destino que puidesen provocar situacións de limitación no acceso ao servizo. De feito, a Xunta lembroulle ao operador a súa obriga de admitir nos servizos aos usuarios en condicións de igualdade e farase a supervisión precisa para garantir que o embarque dos usuarios se realiza de xeito adecuado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:22:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42664
Data envío: 19/12/2025 15:22:16.553

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37882**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"as medidas da Xunta de Galicia para garantir prazas suficientes nos autobuses en Carballo e A Coruña, revisar a concesión de Arriva SL, aumentar frecuencias, mellorar o transporte escolar e avanzar na execución da autovía da Costa da Morte"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte público de titularidade da Xunta de Galicia ofrece unha alternativa de mobilidade adecuada ás necesidades da cidadanía entre Carballo e A Coruña, por frecuencias e capacidade do servizo. De luns a venres laborables funcionan 58 servizos ao día, 29 en cada sentido, dos cales 18 son directos, 11 de Carballo á Coruña e 7 da cidade cara a Carballo.

En total, nun día laborable medio ofrécense máis de 900 prazas nos autobuses dos servizos directos entre Carballo e A Coruña. Para garantir as prazas necesarias nas frecuencias que concentran máis desprazamentos, a Xunta ten trasladado ao operador a necesidade de realizar unha previsión axeitada de medios para dar a debida resposta á demanda existente. Neste sentido, o operador reforza de xeito recorrente 4 servizos de luns a venres e outros 3 os venres pola tarde.

Con respecto ás necesidades do alumnado da Costa da Morte, hai que salientar que o transporte escolar está garantido na educación obrigatoria e que a Xunta ten adoptado medidas dirixidas a atender tamén as necesidades do alumnado de ensino non obrigatorio, sempre e cando resulten compatibles co interese do conxunto das persoas usuarias.

Así, por exemplo, no inicio do curso ampliouse a capacidade do servizo de primeira hora da mañá na liña Fisterra-Cee-A Coruña para atender as necesidades do alumnado dos institutos da zona, engadíronse novas paradas en Dumbría nos servizos que conectan con Cee en horarios de instituto e creouse un novo servizo de luns a venres ás 08:00 horas desde Camariñas para o alumnado do IES Terra de Soneira de Vimianzo. A maiores, o curso pasado axustáronse horarios no servizo entre Corme e Carballo que emprega o alumnado de Ponteceso do IES Monte Neme de Carballo".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42663
Data envío: 19/12/2025 15:22:10.783

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:22:10

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37927**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da inclusión da AC-400 no Plan de Seguridade Viaria, a mellora da seguridade peonil en Culleredo e a construción de sendas peonís entre Valiñas e Peiro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A seguridade viaria, especialmente a dos usuarios máis vulnerables das estradas como son peóns e ciclistas, é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Por isto, impulsouse o Plan de Sendas de Galicia como unha das liñas de acción principais da Xunta en materia de estradas, e permitiu habilitar máis de 300 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas alo longo da rede autonómica de estradas.

Agora estase comezando co desenvolvemento dunha nova fase do Plan de Sendas, coa que se desenvolverán novas actuacións tanto en comarcas nas que xa se actuara anteriormente, como en novas comarcas. E, neste contexto, a AC-400 ao seu paso por Culleredo é unha das estradas que se está a valorar dentro do Plan de Sendas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:22:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42662
Data envío: 19/12/2025 15:22:05.006

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37961**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre **"a aprobación, financiamento e avaliación do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, incluíndo prazos, orzamentos e informes anuais ao Parlamento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Estratexia de Infraestrutura Verde concíbese como un procedemento aberto e adaptable ás distintas situacións que poidan xurdir ao longo do tempo. Para a súa posta en marcha e implementación expónse a elaboración dun Plan de Seguimento que permitirá concretar e adaptar as distintas medidas que deben afrontarse non desenvolvemento dela, nun período temporal ata ou ano 2050.

Este documento está en elaboración e no mesmo aparecen sinalados e identificados os apartados que deberán ser obxecto do Plan de Seguimento.

O Plan avaliará periodicamente a eficiencia das redes de infraestrutura verde (rexional, subregionais, locais), e os elementos da paisaxe asignados como conectores ecolóxicos funcionan correctamente e son respectados polas políticas sectoriais.

Para iso, defíniranse indicadores relacionados coa conectividade ecolóxica e os sistemas integrados de seguimento de aspectos de conectividade, biodiversidade e cambio global.

Simultaneamente á redacción deste documento, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático está a desenvolver numerosas accións en materia de infraestrutura verde que se integran como parte do proceso de desenvolvemento da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde, Conectividade e Restauración Ecolóxicas, EGIVCRE".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:21:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42661
Data envío: 19/12/2025 15:21:58,490

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38114**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións orzamentarias do Goberno galego en relación coa mellora da seguranza viaria da estrada AC-455 ao seu paso polo concello de Val do Dubra"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"En relación as preguntas presentadas polo grupo parlamentario socialista en relación a mellora da seguridade viaria e sobre a estabilidade da ponte situada na estrada AC-455 ao seu paso por Val do Dubra, indicar que:

A citada estrada AC-445 ten 0,64 km de lonxitude e atravesa, maiormente, o núcleo de Portomouro.

A mellora do peitoril da ponte, situada no PQ 11+600 da AC-455, foi xa levada a cabo mediante o contrato de conservación no verán de 2016.

Concretamente actuouse travesía de Portomouro entre PQ 11+520 - 12+170, cun investimento aproximado de 66.000 €.

A partires de Decembro deste ano 2025 iniciamos un novo contrato específico de estruturas e no seno do mesmo solicitóuselle a adxudicataria que realizase a inspección da ponte así como a valoración e execución das actuacións a realizar.

De todas as formas remitimos á resposta dada na pasada Comisión 2º do día 27 de Novembro de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2IOZjl1NTUtZTAzZS00YTl2LTliZmQtZjg0NzYxZjdlYTlTYy&start=10224>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42660
Data envío: 19/12/2025 15:21:52.681

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:21:52

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38117**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"os informes técnicos recentes dos que puider dispor a Xunta de Galicia verbo do estado estrutural da ponte situada na AC-455 en Val do Dubra, as súas conclusións, de ser o caso, e as previsións ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"En relación as preguntas presentadas polo grupo parlamentario socialista en relación a mellora da seguridade viaria e sobre a estabilidade da ponte situada na estrada AC-455 ao seu paso por Val do Dubra, indicar que:

A citada estrada AC-445 ten 0,64 km de lonxitude e atravesa, maiormente, o núcleo de Portomouro.

A mellora do peitoril da ponte, situada no PQ 11+600 da AC-455, foi xa levada a cabo mediante o contrato de conservación no verán de 2016.

Concretamente actuouse travesía de Portomouro entre PQ 11+520 - 12+170, cun investimento aproximado de 66.000 €.

A partires de Decembro deste ano 2025 iniciamos un novo contrato específico de estruturas e no seno do mesmo solicitóuselle a adxudicataria que realizase a inspección da ponte así como a valoración e execución das actuacións a realizar.

De todas as formas remitimos á resposta dada na pasada Comisión 2º do día 27 de Novembro de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2I0Zjl1NTUtZTAzZS00YTl2LTliZmQtZjg0NzYxZjdlYTlTYy&start=10224>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
19/12/2025 15:21:44

156383



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42659
Data envío: 19/12/2025 15:21:46.802

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:21:46

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38469**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas e políticas da Xunta de Galicia dirixidas a mellorar a inserción laboral das persoas desempregadas de longa duración, os resultados obtidos entre 2023 e 2025 e a atención ás mulleres e maiores de 45 anos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia desenvolve unha estratexia integral para mellorar a inserción laboral das persoas desempregadas, con especial atención ao desemprego de longa duración, que en novembro de 2025 acadou o seu mínimo histórico, con 55.259 persoas, un 49,2% do total do paro rexistrado.

O eixo central destas políticas é a orientación laboral personalizada, a través de itinerarios individuais de inserción que inclúen diagnóstico competencial, definición de obxectivos profesionais e seguimento continuado. Estes itinerarios reactivanse de forma automática cando a persoa permanece máis dun ano sen atención, garantindo un acompañamento sostido no tempo.

Como reforzo, está implantado nas oficinas de emprego un programa de seguimento intensivo dirixido ás persoas con máis de cinco anos en desemprego ininterrompido, que permite adaptar a demanda de emprego e buscar solucións específicas segundo cada situación.

O Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) avanza tamén na súa modernización, incorporando ferramentas de intelixencia artificial como Emi, que analiza competencias e ofrece oportunidades reais de emprego en función das necesidades do mercado laboral.

Estas actuacións complétanse con plans específicos para persoas con dificultades sobrevidas, con coordinación cos servizos sociais e a RISGA, colaboración con entidades locais como entidades sen ánimo de lucro especializadas na atención a persoas con discapacidade e colectivos específicos. O cadro de persoal dedicado á prestación de servizos de orientación laboral e prospección do emprego reforzouse recentemente con 136 persoas.

A formación para o emprego é un pilar fundamental da consellería, cun orzamento previsto para 2026 de preto de 173 millóns de euros, para as distintas liñas de formación para o emprego e para obradoiros de emprego e programas integrados, que permitirán formar anualmente en torno a 20.000 persoas entre os obradoiros e os programas integrados de emprego."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/12/2025 16:51:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 16:51:31
Nº Rexistro: 42381
Data envío: 17/12/2025 16:51:31.608

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38514**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a avaliación e transparencia das políticas activas de emprego en Galicia, o funcionamento e reforzo do Observatorio do Emprego e a creación dun sistema público con indicadores desagregados"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A avaliación e transparencia das políticas activas de emprego en Galicia inclúense no marco do Sistema Nacional de Emprego, regulado pola Lei 3/2023, de Emprego, que establece a avaliación externa e independente das políticas públicas a través da Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego e do Plan para o Fomento do Emprego Digno, cuxos resultados son públicos e accesibles a través do SEPE.

O Servizo Público de Emprego de Galicia forma parte da rede europea de servizos públicos de emprego (PES-NET) que mantén un sistema periódico e continuo de avaliación exhaustiva do funcionamento dos servizos públicos de emprego (Evades), sendo o SPEG un dos mellores valorados do Estado nos últimos exercicios.

No ámbito autonómico, o Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo, ademais de facer o seguimento mensual do paro rexistrado e o seguimento trimestral dos datos da EPA, elabora informes de avaliación da situación laboral de distintos colectivos con dificultades específicas para o acceso ao emprego, realiza a avaliación da formación para persoas desempregadas con periodicidade anual e elabora un informe anual sobre a situación do mercado laboral galego.

Este labor viuse reforzado coa creación da Subdirección Xeral de Coordinación, Avaliación e Seguimento de Programas, que consolida unha estrutura específica para o seguimento e análise dos resultados das políticas activas de emprego en Galicia.

Os mecanismos de transparencia e rendición de contas públicas aplícanse en coherencia cos sistemas xerais de publicidade e control xa existentes na Administración autonómica".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:21:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42658
Data envío: 19/12/2025 15:21:41.283

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38761**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a previsión do Goberno galego de construír unha nova residencia de maiores no concello de Oroso e de garantir a súa titularidade e xestión pública"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A día de hoxe non existe previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia no orzamento de 2026 para a construción dunha residencia no concello de Oroso".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42657
Data envío: 19/12/2025 15:21:35.961

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:21:35

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38765**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de asegurar unha dotación nos próximos orzamentos para a construción dunha nova residencia de maiores en Oroso"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A día de hoxe non existe previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia no orzamento de 2026 para a construción dunha residencia no concello de Oroso".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42656
Data envío: 19/12/2025 15:21:30.047

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:21:29

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38778**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"a finalización e adaptación da residencia e centro de día de Cariño que debe asegurar a Xunta de Galicai, así como a súa xestión con prazas públicas subvencionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A día de hoxe non existe previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia no orzamento de 2026 para a construción dunha residencia ou centro de día en Cariño.

Os centros de día da rede autonómica que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar teñen sempre un ámbito supramunicipal ou comarcal, e nas comarcas de Ferrol e Ortegal están en funcionamento dende fai anos centros de día públicos ubicados nos concellos de Ortigueira, San Sadurniño e Ferrol que dan servizo a esa comarca.

En todo caso, estase estudando en colaboración co concello, a viabilidade técnica do inmovible ao que fai referencia a pregunta, para a posible creación dun centro de día de titularidade municipal na planta baixa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42655
Data envío: 19/12/2025 15:21:24.198

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:21:23

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 39532**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre **"a planificación do Camiño do Litoral e a Senda dos Faros, incluíndo instrumentos previstos, plans e actuacións, prazos e custos para 2026 en diante e a coordinación cos concellos polos que discorren"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada pola directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Paula Uría, na comisión 2ª celebrada o pasado 11 de decembro, onde compareceu a petición propia para falar sobre as liñas estratéxicas do litoral.

Enlace ao vídeo da comisión 2ª:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDQwZGI0M2U0tMjJkZi00NTJhLWJhMjktMjJkZmRmMzZhNWU5&start=2800>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42654
Data envío: 19/12/2025 15:21:17.190

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:21:16

CSV: BOPGDSPG-YuYqno5PO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

